

LIGA GALEGA DE FIGURAS.

Tempada 2013 - 2014. Circular 13-34.

1- DATAS E SEDES.

A liga galega de figuras celebrarase na data e sede establecida no calendario de natación sincronizada da presente tempada.

2- ORGANIZACIÓN.

A xornada de figuras realizarase nas sesións que fagan falta en función do número de participantes, preferentemente en 1 sesión e en sábado.

O horario de comezo será en función da dispoñibilidade da piscina do clube organizador.

3- FORMULA DA COMPETICIÓN.

Establécense 4 xornadas nas que cada participante realizará 2 figuras/xornada.

Xornada 1: grupo de figuras obrigatorio.

Xornadas 2, 3 e 4: 1 grupo opcional por sorteo entre os que figuran no regulamento FINA 2013-2017. O sorteo dos grupos de figuras de tódalas xornadas celebrarase na sede da FEGAN antes da disputa da xornada 1 e anunciarase con antelación.

4 CLASIFICACIÓN.

Existirá unha clasificación individual por categoría, obtida da puntuación final coa suma das catro xornadas, aplicando os correspondentes coeficientes.

5- ENTREGA DE PREMIOS.

Entregaranse medallas da RFEN ós 3 primeiros clasificados de cada categoria no Campionato Galego de Verán.

Todo o non disposto ou contemplado nesta normativa axustarase á "Normativa Xeral de Natación Sincronizada".

A Coruña, 27 de setembro de 2013

Secretaría Xeral FEGAN